



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14 DE XUÑO DE 2021

### **1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00026462R.**

#### **Aprobación de actas de sesións anteriores.**

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Extraordinaria e urxente de data 1 de xuño de 2021.
- Extraordinaria e urxente de data 4 de xuño de 2021.

### **2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1493/2020.**

#### **Licenza de obra maior.**

Acórdase CONCEDER licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 22/09/2020 e a documentación técnica de data de visado do 24.02.2021, a execución dunha vivenda unifamiliar no Lg de Sarela de Abaixo, Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 235.559,74 euros.

### **3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00008216C.**

#### **Licenza de obra maior.**

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto de data de visado do 19/02/2021, cun orzamento de execución material de 1.595,67 euros, a demolición de edificacións existentes na RÚA Monte de Conxo 54 Santiago de Compostela ( A Coruña).

### **4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00013407X.**

#### **Licenza de obra maior.**

Acórdase CONCEDER licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme a documentación técnica de data de visado do 26/02/2021, cun orzamento de execución material de 16.397,47 euros, a instalación de piscina na Rúa Torrente, 37 Santiago de Compostela ( A Coruña).

### **5. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LAP/293/2020.**

#### **Licenza de obra nova para construción de nave destinada a taller de maquinaria industrial, venda e oficinas na Rúa do País Vasco, 51-Estremadura 1.**

Acórdase conceder a Ascendum Maquinaria, S.A.U, licenza de obra nova para construción de nave destinada a taller de maquinaria industrial, venda e oficinas na Rúa do País Vasco, 51-Estremadura 1, parcelas C3c01a y C3c01b, do Parque empresarial da Sionlla, segundo

Proxecto básico e de execución, con data de visado de 17/02/2021, cun orzamento de execución material de 2.148.783,75 euros.

As actuacións consistirán na construción dunha nave de dous plantas e baixo cuberta destinada a taller de mantemento e reparación de maquinaria pesada e área comercial e de oficinas, cunha ocupación de 1.891,38 m<sup>2</sup>, superficie construída total de 2.291,51 m<sup>2</sup> e altura de 9,70 metros. A edificación está situada en solo clasificado como urbanizable no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 3c do Proxecto sectorial da Área empresarial da Sionlla e Estudio de Detalle aprobado con data de 17/12/2020.

#### **6. PATRIMONIO. Referencia: 2021/00023417S.**

##### **Corrección de erros materiais no acordo da sesión de 7 de xuño de 2021, de cesión de uso dun piano Bach ao Concello.**

Acórdase RECTIFICAR os erros materiais que constan no acordo de 7 de xuño de 2021 da Xunta de Goberno Local.

- Onde dí: SOHON, debe substituírse por: SOHN
- Onde dí: nº de serie 80.825, debe substituírse por: nº de serie 80.815
- Onde dí adquirido en 1820, debe substituírse por: 1.920

#### **7. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/134/2006.**

##### **Prórroga do contrato de aluguer do local nº 4 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Contratación).**

Acórdase prorrogar o contrato de aluguer do local nº 4 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Contratación), polo prazo de un ano a contar desde o 15 de xuño de 2021 ata o 14 de xuño de 2022.

Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado con data 15 de xuño de 2006, na súa cláusula segunda establece que o importe será revisado anualmente, conforme ás variacións que experimente o índice xeral de prezos o consumo.

Polo que propónse a revisión do IPC dende a última data na que se realizou esta (xuño de 2014 ata maio de 2021). Tendo en conta que aínda non se publicou a variación correspondente a maio de 2021, a renta definitiva a partir de 15 de xuño de 2021 fixarase unha vez publicado o IPC do mes de maio de 2021.

Para o mes de xuño de 2021 satisfarase a renta actual por importe mensual de 888,79 € IVE incluído. Publicado o IPC de maio de 2021 efecturase a revisión correspondente con efectos dende o 15 de xuño de 2021.

O gasto irá con cargo á partida do orzamento municipal de nº 030 92000 2020000.- *ADMINISTRACIÓN XERAL. ARRENDAMENTOS EDIFICIOS*, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente en dito exercicio.”

#### **8. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU0034.**

##### **Convalidación de gastos por omisión da función interventora da factura expedida por TROBEIRO S.L., con CIF núm. B36877330, en concepto de “Servizo de xestión da Escola Municipal de Música correspondente ao mes de abril de 2021”.**

Acórdase resolver o expediente de convalidación da omisión da función interventora que se relaciona a continuación, referido á factura e relación contable detallada nos antecedentes, no senso que se indica:

Factura emitida por TROBEIRO, S.L. en concepto do servizo de xestión da Escola Municipal de Música, mes de abril 2021:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DEZANOVEMIL TRESCENTOS EUROS (19.300,00 €), en concepto de servizo de xestión da Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela correspondente ao mes de abril de 2021, segundo a factura número de relación contable F/2021/1883, e que se achega no expediente.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

### **9. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2021/00022245Q.**

#### **Aprobación do programa “Compostela Móvese 2021”, a proposta do Centro Xestor 34 Promoción Económica dependente da Alcaldía.**

Acórdase:

1. A aprobación do programa de Actividades “COMPOSTELA MÓVESE 2021.” cun orzamento previsto de 240.770,00 euros
2. A Aprobación das “Bases Xerais de Acceso ás actividades incluídas no programa “Compostela Móvese 2021”.

Este programa de dinamización económica ten como principais obxectivos:

1. Apoiar un modelo de desenvolvemento económico local endógeno, cooperativo e asentado na identidade e na historia do territorio no que se produce. Buscamos asentar os procesos de mellora empresarial e emprendemento nos valores diferenciais do tecido socioeconómico do concello .
2. Impulsar medidas de reactivación económica a corto, medio e longo prazo nun espazo de concertación cos axentes económicos da cidade, que permita aos mesmos afrontar con información fiable e medidas útiles de consenso a crise económica derivada da emerxencia sanitaria provocada polo COVID19 e as sucesivas crises da mesma índole que poidan acontecer nun futuro.

Este programa de actividades está dirixido ao empresariado do Concello de Santiago de Compostela así como ás persoas que desexen iniciar unha actividade empresarial e/ou queiran adquirir as competencias precisas para desenvolver a súa actividade emprendedora, extra e intraempresarialmente.

A convocatoria e preinscrición as actividades realizarase a través da páxina web [www.cersiaempresa.gal](http://www.cersiaempresa.gal) onde se publicarán as condicións de acceso a cada acción, públicos preferentes, horarios definitivos, lugares de realización e límite de prazos.

Para calquera información, queixa ou suxestión sobre o presente programa de actividades, poderase contactar coa Oficina de Promoción Económica a través do correo electrónico [cersia@santiagodecompostela.gal](mailto:cersia@santiagodecompostela.gal).

Estas actividades son:

1. Licitación por contratación por procedemento aberto multicriterio, por lotes, dos servizos de Adestramentos colaborativos (lote 1), Proxecto “colaborativa” (lote 2) e Axenda económica de compostela (lote 3). Conta cun orzamento de 65.00 euros.
2. Patrocinio da Maker Faire Galicia. 15.000 euros.
3. Patrocinio do IV Congreso de Recursos Humanos da Asociación para el Progreso de la Dirección, cun custe de 14.520 euros.
4. Actividades de consultoría. 20.000 euros.
5. Actividades de fomento da economía social. 25.000 euros.
6. Actividades de promoción da economía circular. 25.000 euros.
7. Fomento do emprendemento con perspectiva de xénero. 15.000 euros.
8. Plataforma Santiago na memoria. 10.000 euros.
9. Liña de fomración e consultoría en liña para o asesoramento de cara á apoiar as empresas na elaboración dos seus plans de reactivación económica. 20.000 euros.
10. Campaña de comunicación Compostela Somos Cultura. 47.000 euros.
11. Contratación da Axenda Urbana Compostela 2030.
12. Gastos xerais.

### **10. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: COMITE DE SEGURIDADE E SAUDE 2021.**

#### **Proposta relativa á designación de representantes do goberno municipal como membros do Comité de seguridade e Saúde do Concello.**

Acórdase designar como membros no Comité de Seguridade e Saúde do Concello de Santiago aos seguintes representantes do goberno municipal:

- D<sup>a</sup>. Marta Abal Rodríguez, concelleira-delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, que presidirá o comité de seguridade e saúde para a súa constitución.
- D. Gonzalo Muíños Sánchez, concelleiro-delegado de Mobilidade, Seguridade Cidadá e Festas.
- D<sup>a</sup>. María Milagros Castro Sánchez, concelleira-delegada de Políticas Sociais e Saúde, Medio Ambiente e Parques e Xardíns.
- D<sup>a</sup>. María Esther Pedrosa Carrete, concelleira-delegada de Deportes e Benestar Animal.

## 11. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00026462R.

### **Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o concello de Santiago de Compostela e a Xunta de Galicia para sufragar os gastos derivados da condición de Santiago como capital da CA de Galicia.**

Tómase coñecemento da sinatura do convenio de colaboración entre o concello de Santiago de Compostela e a Xunta de Galicia, para sufragar os gastos derivados da condición de Santiago como capital da Comunidade Autónoma de Galicia.

A dita sinatura tuvo lugar con data 10 de xuño de 2021.

A vixencia deste convenio estenderase desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

A achega da Consellería de Facenda e Administración Pública, mediante unha transferencia de financiamento a favor do Concello de Santiago de Compostela, farase con cargo á aplicación orzamentaria 23.01.811C.460.0 dos vixentes orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, por un importe de **2.392.425 euros**. O pagamento realizarase de xeito fraccionado. O primeiro libramento deberá realizarse con anterioridade ao 15 de agosto, o segundo antes do 30 de setembro e o último antes do día 15 de decembro de 2021.

## URXENCIAS

### **12. 2021/00011639J. PROCEDIMENTO: Alleamento de bens inmobles municipais.**

Acórdase:

1. Allear mediante o procedemento de CONCURSO PÚBLICO CON PROCEDIMENTO ABERTO **os lotes ou parcelas**, seguintes:

1. **DESCRICIÓN: PARCELA M-8 do SUP-7.** Parcela de forma irregular integrante do Proxecto de Expropiación do solo urbanizable programado número 7 de Pontepedriña, de Santiago de Compostela destinada a **vivenda de protección autonómica de réxime especial (VPA-RE)** e a comercial, residencial comunitario e outros uso permitidos pola ordenanza. Ten unha superficie: 768 m<sup>2</sup> de solo e unha edificabilidade sobre rasante de 2.693 m<sup>2</sup> construíbles, dos que 1.834 m<sup>2</sup> son de carácter residencial e 859 m<sup>2</sup> de carácter comercial, cun número máximo de 22 vivendas. **EMPRAZAMENTO:** situada na Rúa Alejandro Pérez Lugín 2. **499.254,47 euros.**
2. **DESCRICIÓN: PARCELA UER5 do SUNP-5.** Parcela de forma irregular integrante do Proxecto de Expropiación do solo urbanizable non programado número 5 da MUÍÑA de Santiago de Compostela **destinada a vivenda de protección autonómica de réxime xeral (VPA-RX)**. Ten unha superficie de tres mil seiscientos trinta metros cadrados (3.630 m<sup>2</sup>), unha edificabilidade sobre rasante de sete mil

- douscentos cincuenta e sete metros cadrados (7.257 m<sup>2</sup>), cun número máximo de 62 vivendas. **EMPRAZAMENTO:** Rúa SD en Santiago de Compostela. **2.575.405,14 euros.**
3. **DESCRICIÓN: PARCELA BB2 DO SUNP-11** Parcela de forma rectangular integrante do Proxecto de Expropiación do solo urbanizable non programado número 11 do Castiñeiriño de Santiago de Compostela **destinada a edificación residencial d e protección autonómica de prezo xeral. (VPA-RX).** Ten unha superficie de mil cincuenta e seis (1.056m<sup>2</sup>), unha edificabilidade de tres mil, trescentos cincuenta e un metros e catro decímetros cadrados (3.351,04), cun número máximo de 32 vivendas. **EMPRAZAMENTO:** Situada na rúa SD Compostela. **885.799,86 euros.**
  4. **DESCRICIÓN: PARCELA.** Parcela integrante do Proxecto de **Compensación do SUNP-4 do Camiño Francés** Ten unha **superficie:** 1.290,67m<sup>2</sup> solo e unha **edificabilidade** de 2.104,66m<sup>2</sup> construíbles. **EMPRAZAMENTO:** Situada na rúa Vicente Risco. **711.679,65 euros.**
  5. Parcela de forma trapezoidal integrante do Proxecto de Expropiación do solo urbanizable non programado número 11 do Castiñeiriño de Santiago de Compostela destinada a edificación residencial de **protección autonómica de réxime especial.(VPA-RE).** Ten unha superficie de cincocentos corenta e tres metros e tres decímetros cadrados, (543,03m<sup>2</sup>), cunha edificabilidade sobre rasante de mil douscentos sesenta e seis metros e trinta decímetros cadrados (1.266,30 m<sup>2</sup>) e con un número máximo de doce vivendas. **EMPRAZAMENTO:** Situada na rúa Federica Monteseny. **306.238,90 euros.**

2. Iniciar **expediente de licitación** para o alleamento destas parcelas polo sistema de CONCURSO PÚBLICO CON PROCEDIMIENTO ABERTO aprobando o Prego de cláusulas denominado **ALLEAMENTO DE CINCO PARCELAS MUNICIPAIS DE PROTECCIÓN AUTONÓMICA EN LOTES UNITARIOS EXPTE. 2021/00011639J** que rexerá esta venda. O anuncio de aprobación deste prego e da licitación que será simultáneo publicarase no BOP e nos lugares determinados pola normativa aplicable para que no prazo de 45 días naturais podan presentarse ofertas. Durante este prazo de licitación poderán presentarse alegacións ao expediente de alleamento. De efectuarse alegacións o procedemento de licitación quedará en suspenso.

3. Dar conta ao órgano da comunidade autónoma competente (Dirección Xeral de Xustiza e Administración Local). Se no prazo de 20 días a contar dende o día seguinte ao do recibo desa comunicación, non presentase escrito expresando no seu caso a normativa vulnerada, se entenderá informado favorablemente.

4. Trasladar este acordo e o expediente á SECCIÓN DE CONTRATACIÓN para que TRAMITE a licitación para a venda por CONCURSO PÚBLICO CON PROCEDIMIENTO ABERTO.

### **13. DACIÓN DE CONTA Á XUNTA DE GOBERNO DA SENTENZA 283/2021**

Dase conta da sentenza nº 283/2021. PO 4359/2018 TSX

Demandante: Tugalo SLU

Obxecto: aprobación definitiva da modificación puntual da ordenación especial OE-5 Galeras do PXOM de Santiago de Compostela, no ámbito do antigo hospital, publicada no DOG nº 176/2018, do 14 de setembro, e no BOP nº 200, do 19 de outubro de 2018. A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en casación.

A demandante viña de impugnar o acordo plenario anteriormente descrito. A sentenza, atendendo os argumentos expostos pola representación municipal nos seus escritos, así como o declarado polas funcionarias de Urbanismo no acto da vista, desestima todos os argumentos de impugnación, validando a modificación cuestionada.

**14. Dar conta do Real Decreto 407/2021, de 8 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a favor das entidades que prestan o servizo de transporte público.**

Tómas coñecemento do Real Decreto 407/2021, de 8 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a favor das entidades locais que prestan servizo de transporte público.

**15. Dar conta a Xunta de Goberno Local da modificación do cadro de persoal para a súa aprobación polo pleno.**

Dase conta da aprobación e modificación do cadro de persoal para o ano 2021, que recolle os cambios aos que se fixo referencia con anterioridade

\* Dúas prazas de técnico de administración xeral vacantes (unha incluída na oferta de emprego do ano 2019, creada para o departamento de persoal), e outra a incluír na oferta de 2021, suprímense e transfórmanse respectivamente nunha praza de técnico de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios, denominación técnico/a en programación deportes, grupo A, 2 de titulación, e a outra nunha praza de técnico de xestión, administración xeral, subescala xestión, grupo A2, para atención ao contribuínte.

\*Por outra banda suprímese unha praza de uxier incluída na oferta de emprego do ano 2019, vacante na actualidade, unha de oficial xardineiro, grupo C2 de titulación, prevista para a súa inclusión na oferta de emprego do ano 2021, e unha de auxiliar de inspección de servizos, incluída na oferta de emprego do ano 2020, que se substitúen por tres prazas de auxiliar administrativo, escala administración xeral, subescala auxiliar, grupo C2 de titulación (para relacións institucionais, medio rural e brigada de vías e obras).

\*Suprímense no cadro 1 praza de conserxe funcionario (prevista para promoción interna debido a que non existen suficientes efectivos en activo para promocionar, e 3 prazas de conserxe laboral (agora a funcionarizar) pola mesma razón.

\*A demanda do servizo de extinción de incendios suprímense 3 prazas de cabo, a cubrir por promoción interna, co obxecto de articular debidamente as quendas do servizo.

\*Por último, modifícase denominación de 4 prazas de oficiais carpinteiros da brigada de vías e obras, dúas incluídas na oferta de emprego do ano 2017 e outras dúas na do ano 2020, que pasan a denominarse oficiais de servizos múltiples

Todo isto, supón tamén unha adecuación das diferentes ofertas de emprego (OEPs) xa publicadas e, por suposto, a conseguinte modificación da RPT.

**16. Modificación puntual da ordenanza de circulación e uso da vía pública.**

Apróbase o proxecto de modificación puntual da Ordenanza de Circulación e Uso da Vía Pública, aprobada polo Pleno da Corporación, o día 6 de marzo de 1998. Publicada no BOP de A Coruña do 7 de maio de 1998 e as posteriores modificacións publicadas nos BOP do 9 de xuño de 2000, 26 de maio de 2006, 13 de xullo de 2006 (artigo 110.3), 24 de febreiro de 2010 (artigos 58 a 67) e outras como a disposición derogatoria como consecuencia da aprobación da Ordenanza de Terrazas e de Actividades, Instalacións e Ocupación da Vía Pública.

1.- En primeiro lugar é importante destacar, que non estamos ante unha nova norma xurídica, senón ante unha modificación puntual da norma existente, co fin de adaptar determinados preceptos da mesma ás modificacións normativas estatais e introducir a regulación de determinados aspectos que non estaban previstos na norma e que se consideran fundamentais para dar resposta ó modelo de mobilidade que o Concello de Santiago está a implantar, no eido das novas smartcities, onde os vehículos ceden o seu protagonismo ós peóns e os medios de transporte menos contaminantes e máis acordes coa protección medio ambiental.

2.- En segundo lugar, en canto á estrutura da norma é acorde con outras ordenanzas municipais e seguindo tamén o modelo do Real Decreto Legislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial (TRLTSV) que incorpora unha serie de anexos que complementan o

documento e que regulan aspectos específicos e concretos, como por exemplo a autorización das probas deportivas. En consecuencia, mantéñese a estrutura orixinal da Ordenanza coa división da súa parte substantiva en Títulos e Capítulos, engadindo 5 anexos complementarios das súas disposicións, nos que se recollen os planos que reflicten a clasificación das vías municipais como en desenvolvemento do Capítulo III do Título I da Norma (Anexo I), o específico réxime da mobilidade do casco histórico (Anexo II), a regulación dos vehículos de mobilidade persoal (Anexo III), os planos coas zonas de aparcamento de autobuses e camiións de gran tonelaxe (Anexo IV) e a clasificación de vehículos, que non é máis que a reprodución do Anexo I do TRLTSV e que se inclúe para facilitar a comprensión e lectura do documento.

Estas modificacións afectan a:

- a) A actualización de definición de vía urbana, conforme á Lei 27/2013, de 27 de decembro, no artigo 1 e a do artigo 3.
- b) Con relación á precisión respecto da capacidade reguladora da Xunta de Goberno Local ou da Alcaldía en determinadas materias que prevé a Ordenanza suprímense, nos artigos 16 e 21 a referencia a súa posible modificación por acordo da Xunta de Goberno Local, por proposta da Alcaldía ou, por delegación, do Concelleiro competente en materia de mobilidade. Asemade, para dar unha maior coherencia ó documento e posibilitar a habilitación legal da Xunta de Goberno, para a modificación dos Anexos da norma, concibidos como unha documentación complementaria da mesma suprímese a Disposición Adicional 2ª e substitúese por unha Disposición Final na que se recolle o seguinte contido: “Habilitase á Xunta de Goberno Local a proposta da Alcaldía, ou por delegado, do Concelleiro competente en materia de mobilidade aprobar as modificacións que sexa preciso realizar nos anexos desta normas sobre clasificación das vías urbanas, as normas sobre xestión e rdenación do casco histórico e os vehículos de mobilidade persoal”.
- c) Sobre o réxime sancionador modifícase o artigo 71.3 da mesma, facendo unha remisión á normativa legal vixente, concretamente o artigo 75 do Texto Refundido da Lei de Tráfico e Seguridade Vial.
- d) Modifícanse os apartados 27.C 1 e 2 e o apartado D do mesmo artigo, quedando como segue:

*1. As bicicletas terán que estacionar preferentemente nos lugares habilitados, deixando libre en todos os casos un espazo de tres metros para as persoas. De non haber prazas de aparcamento gratuítas, poderán amarrarse a elementos de mobiliario urbano sempre que non os afecten nin alteren a súa función ou impidan a accesibilidade, o tránsito peonil e a circulación de vehículos.*

Polo que se refire ó apartado D, do artigo 27, quedará redactado como segue, en coherencia co disposto no artigo 7.c) do TRLTSV :

*As bicicletas só poderán ser retiradas e levadas ó correspondente depósito se están abandonadas ou se, estando amarradas dificulten a circulación de vehículos ou persoas ou danen o mobiliario urbano”.*

En derradeiro lugar, recóllese expresamente no Anexo III a prohibición de circulación de VMP por túneles urbanos, de conformidade co disposto no artigo 38.4 do Regulamento de Circulación.

Unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local, seguirase o procedemento previsto no artigo 49 da meritada Lei de Bases que determina:

A aprobación das Ordenanzas Locais axustarase ó seguinte procedemento:

- a) Aprobación inicial do Pleno.
- b) Información Pública e audiencia dos interesados por prazo mínimo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.
- c) Resolución de tódalas reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e probación definitiva.

No caso de que non se tiveran presentado reclamacións ou suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisorio.

En derradeiro lugar, e da cordo co disposto no artigo 131, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, en canto á publicade da norma, deberase realizar no BOP de A Coruña e transcorridos 15 días soltos, en función do previsto no artigo 65 da Lei de Bases de Réxime Local, entrará en vigor e producirá efectos xurídicos. Adicionalmente e para facilitar o xeral coñecemento da mesma se publicará tamén na sede electrónica ou páxina web do concello, segundo o previsto no artigo 7 c) e e) da Lei 19/2013 de 13 de decembro de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

### **17. Modificación puntual das normas das cacharelas/sardiñadas. San Xoan 2021.**

Apróbase a modificación puntual, adaptada á Orde da Consellería de Sanidade de 10 de xuño de 2021, das normas que rexirán a celebración das cacharelas/sardiñadas en terreos de propiedade privada para a celebración da Noite de San Xoán 2021, que se farán extensivas a calquera celebración destes eventos durante o mes de xuño, sexa a noite do día 23 ou calquera outro día, segundo exposto nesta proposta. As modificacións están relacionadas coa ampliación de aforos e de horarios.

Cacharelas en terreos de propiedade privada promovidas EXCLUSIVAMENTE POR PARTICULARES.-

- Os particulares que desexen realizar unha cacharela e/ou sardiñada en terreos de propiedade privada deberán presentar a comunicación previa, segundo o modelo oficial, publicado na web do Concello: [www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal). As solicitudes poderanse presentar na sede electrónica do Concello: <http://sede.santiagodecompostela.gal> ou ben a través do banner instalado na páxina web: [www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal) dende as 00:00 horas do día 8 de xuño ata as 00:00 horas do día 21 de xuño de 2021. As persoas asinantes da comunicación previa teñen que ser maiores de idade. Con este trámite é suficiente para poder levar a cabo a actividade, sen prexuízo da responsabilidade por danos ou perdas a que houbera lugar no caso de que concorrera negligencia ou imprudencia.
- De conformidade co establecido na Orde da Consellería de Sanidade, de 10 de xuño de 2021, pola que se prorroga a eficacia e se modifica a Orde do 28 de maio de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e se modifica a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, nos espazos privados, abertos ou pechados as xuntanzas de convivintes ou non, recoméndase que non excededan de 15 persoas no exterior e 6 no interior; recoméndase o uso de mascarilla; ase como o mantemento da distancia de seguridade interpersonal e a aplicación de medidas de hixiene de mans e medidas alternativas de protección física e de etiqueta respiratoria.
- O interesado que organice o evento deberán coidar os arredores e coñecer o número de teléfono dos Bombeiros (080) e o de Emerxencias (112).
- Se a propiedade está en zona urbana: O volume do combustible da cacharela non excederá os 2 metros de diámetro e 6 metros de perímetro, nin un metro de altura.
- En zona rural: O volume do combustible da cacharela non excederá os 3 metros de diámetro ou 9 de perímetro, nin os 3 metros de altura.
- Porase especial coidado en situar a fogueira alonxada das vivendas, vehículos, instalacións e locais nos que se almacenen produtos inflamables; asemade non se situarán baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, nin preto de masas arbóreas ou zonas vexetais susceptibles de ser queimadas..
- Prohíbese a queima de neumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, aceites, e en xeral de calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico.
- En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda que estean baleiros.
- A fogueira permanecerá vixiada polos solicitantes ata a súa total extinción que deberá



ser asegurada empapando os restos totalmente con auga, asegurándose de que as cinzas queden totalmente apagadas.

-No caso de que se levante vento que poida dificultar a vixilancia e extinción da fogueira esta deberá suspenderse ou apagarse de inmediato.

A hora límite para rematar a celebración entre persoas non convivintes, recoméndase que sexa ata a 1 da madrugada, do día seguinte á celebración do evento, en función do disposto na Orde da Consellería de Sanidade de 10 de xuño de 2021, en todo caso, a cacharela/sardiñada rematará as as 03:30 horas da madrugada, de acordo co disposto no artigo 5.f da Lei 10/2017 de 27 de decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

- Non se ocupará ningún terreo ou espazo público.

- O desenvolvemento de celebración das cacharelas e sardiñadas cumprirá estas normas e as Ordenanzas municipais.

-O cumprimento destas normas será verificado polo persoal do Servizo de Extinción de Incendios que, se é o caso, dará conta á Policía Municipal das infraccións. Lémbrese que o nº de tfno do Servizo de Bombeiros é o 080 (só emerxencias) ou o 981 542 444; e asemade, o número de Emerxencias da Xunta de Galicia é o 112.

## **18. Aprobación de bases para subvencións de festas patronais.**

Acórdase:

1. Aprobar as Bases da convocatoria de subvención a festas patronais do Concello de Santiago de Compostela 2021.

2. Autorizar o gasto de **44.000 euros** con cargo a aplicación orzamentaria 2021 060 33800 4890100 da área de Festas pertencente á Concellería de festas.

A convocatoria terá efectos desde o 1 de xaneiro de 2021, sempre e cando as solicitudes cumpran con todas as cláusulas contidas nas bases. As festas que serán obxecto de subvención deberán ter como data de celebración as comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 13 de outubro de 2021.

A convocatoria establece que os gastos subvencionables son os efectuados en instalación de inchables, festa da escuma, xogos populares, corais, charangas e grupos de música, Grupos de baile, Karts a pedais e bandas de música.

O importe máximo da subvención para cada solicitante e para cada festa será de 1.250 euros.

O período de solicitude será o comprendido entre a data de publicación da convocatoria no BOP da Coruña e o 15 de xullo de 2021.

O prazo de xustificación do gasto efectuado será do 1 de setembro ao 15 de outubro de 2021.

Os criterios de adxudicación da subvención serán por orde de chegada, sempre que se cumpran os requisitos da convocatoria, até o consumo do orzamento dispoñible na aplicación.

Finalmente, considerase a necesidade da súa tramitación é urxente para poder dar satisfacción ás festas patronais que comezan a sucederse coa chegada da primavera.

## **19. Convalidación de gastos por omisión de función interventora. F/2011/1890.**

Acórdase convalidar as actuacións de gastos levadas a cabo con omisión de requisitos ou trámites esenciais, considerando acreditada para a totalidade dos indicados gastos, - os cales se corresponden na súa totalidade con contratos menores por razón de contía dos regulados no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público-, a necesidade da súa contratación e o cumprimento dos requirimentos fixados no referido precepto legal, de acordo cos antecedentes e informes incorporados ao expediente.

-Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas dos referidos gastos a favor de PRODUCIÓNS TEATRAIS TALÍA, S.L., segundo se reflicte na factura F/2021/1890, e con imputación á aplicación orzamentaria 040 33404 2269900 que figura na acta de conformidade da factura, por un importe total de 3.412,20 euros.

**20. Aprobación do expediente denominado rehabilitación do local en planta Baixa e do xardín de Afundación da Praza Salvador Parga 4-5.**

Apróbase o expediente denominado Rehabilitación do local en planta baixa e do xardín de Afundación da Praza Salvador Parga 4-5, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 233.083,16 euros IVE aparte, unha vez completado co certificado de existencia de Crédito.

O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 48.947,46 euros. O importe total ascende a **282.030,62 euros**.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigacións económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria 040 - 33403 - 6320000 CX 26 proxecto 2020 2 OBCSC.

**21. Aprobación do gasto de apertura do procedemento da prestación do servizo de redacción de anteproxecto, proxecto básico e de execución e dirección facultativa de obras da “recuperación do Campus Sur para o cidadán”, vinculada á EDUSI-REVIVE COMPOSTELA e financiada nun 80% polo FEDER (CON/9/2021)**

Acórdase que, unha vez completado co certificado de existencia de crédito, acorde a aprobación do expediente denominado Prestación do servizo de redacción de anteproxecto, proxecto básico e de execución e dirección facultativa de obras da "Recuperación do Campus Sur para o cidadán", vinculada a EDUSI-REVIVE COMPOSTELA e cofinanciada nun 80% polo FEDER, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 44.377,21 euros IVE aparte.

O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 9.319,21 euros. O importe total ascende a **53.696,42 euros**.

O coste asociado a este servizo financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 030 15321 6190000 / 2017 2 EDUSI 11 1, de acordo coa seguinte distribución por anualidades e uedando condicionado, polo tanto, á súa inclusión noscorrespondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2021. 32.437,89 euros.

Anualidade 2022: 21.258,53 euros.

Esta actuación forma parte da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado do Concello de Santiago (EDUSI Santiago) cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020 nun 80% sendo o 20% restante con cargo a dotación económica municipal.

**22. OBR/ABR/C04.04/2021000001. 2021/00017750Y - CON/11/2021**

**Execución do proxecto da obra de "Reforma do viario A Pajuela - Campo da festa de Marrozos (fase II).**

Acordar a aprobación do expediente denominado Execución do proxecto da obra de "Reforma do viario A Pajuela - Campo da festa de Marrozos (fase II)", así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 193.613,54 euros IVE aparte, unha vez completado co certificado de existencia de crédito O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 40.658,84 euros. O importe total ascende a **234.272,38 euros**.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigas económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria 100 45400 6190001